

TEXTO

A Unión Europea considera a diversidade un valor fundamental e unha fonte de riqueza cultural que debe ser protexida. A política da UE tenta, polo tanto, incentivar os cidadáns e as cidadás europe@s para que sexan multilingües, en especial para seren competentes, polo menos, en dúas linguas estranxeiras, non só para facilitar a comunicación, senón, para desenvolver a tolerancia e o respecto para coa diversidade cultural.

No ano **1992**, España asinou a [Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias](#), un tratado internacional promovido polo Consello de Europa, que foi asinado por moitos Estados membros da UE, entre eles o Estado español. No seu articulado contémpanse dereitos legais para o fomento e protección das linguas menos estendidas. @s asinantes comprométese a eliminar toda distinción, exclusión e restrición na utilización dunha lingua rexional ou minoritaria. Tamén propoñen a adopción de medidas especiais a favor das linguas minoritarias para promover unha igualdade real entre @s falantes destas e o resto da poboación. A adopción deste texto pola Unión Europea permitiu o recoñecemento e a progresiva incorporación destas linguas

nos seus organismos. Así, no **2005**, o presidente do Comité das Rexións asinou un acordo no que por primeira vez se permite o emprego do galego, do vasco, e do catalán nunha institución da Unión.



Declaración
Universal
de Dereitos
Lingüísticos




No ano **1996** elaborábase e asínase en Barcelona a [Declaración Universal dos Dereitos Lingüísticos](#) co obxectivo de corrixir os desequilibrios lingüísticos e asegurar o respecto e pleno desenvolvemento de todas as linguas. Baséase no principio de que os dereitos de todas as comunidades lingüísticas son iguais e independentes da consideración xurídica ou política de linguas oficiais, rexionais ou minoritarias.

A aposta que Europa realiza polo interculturalismo e o multilingüismo supón dúas actuacións complementarias: a aprendizaxe doutras linguas europeas, e o mantemento e potenciación das linguas propias.

Texto elaborado a partir de datos e fragmentos atopados na Galipedia

❖ COLOQUIO ARREDOR DO TEXTO

1. Que é o plurilingüismo?
2. En que se diferencia do multilingüismo?
3. Cal é a orixe dese multilingüismo?
4. Gozan todas as linguas europeas do mesmo *status*?
5. Que linguas son aprendidas nas escolas?
6. É máis importante unha lingua polo número de falantes?
7. É a historia cultural e literaria dunha lingua a que lle dá importancia e poder?
8. Que é o que converte a unha lingua en poderosa?
9. Cal é a diferenza entre lingua oficial, lingua nacional e lingua internacional?
10. Correspóndelle a cada estado europeo unha lingua?
11. Coinciden as fronteiras políticas coas fronteiras lingüísticas?
12. Existen estados monolingües?
13. Cales son as linguas do Reino Unido?
14. Cales son as linguas de Francia?
15. Cal é o idioma máis falado no territorio europeo?
16. A que lle chamamos na UE linguas rexionais ou minoritarias?
17. Que é unha lingua minorizada?
18. Por que debemos manter a diversidade lingüística? Por que non servirnos dunha linguaxe universal?



Linguas minorizadas en Europa.

PRESENTACIÓN INFORMÁTICA: [A Europa plurilingüe](#)**CONTIDOS CONCEPTUAIS:**

- Plurilingüismo. Multilingüismo.
 - Lingua minorizada. Lingua minoritaria.
 - Lingua internacional, vehicular. Interlingua.
 - Sociolingüística.
-

TAREFAS para reflexionar arredor do tema: A Europa Plurilingüe

1. Elaboración dun esquema que recolla e xerarquice as ideas expostas no texto.
2. Recollida de notas (apuntamentos) ao longo da exposición da presentación informática.
3. Definición adecuada dos termos clave abordados nesta presentación:
 - Plurilingüismo . Multilingüismo
 - Linguas minoritarias e linguas maioritarias
 - Linguas minorizadas e linguas hexemónicas
 - Lingua internacional. Lingua vehicular. Interlingua
 - Sociolingüística
4. Redacción dun tema: *A Europa plurilingüe*. Para o cal partírase do esquema previamente elaborado e das notas tomadas na aula.
5. A que tipo de texto pertence o que dá pé a esta Guía 2? En que se diferencia do texto inicial da Guía 1?

➤ [Tipos de texto](#)

❖ DEBATE

Estanse a cumprir as normas ditadas pola Unión Europea? Respectan os estados membros da UE e a propia UE o plurilingüismo que fomentan e suscribiron?

FONTES PARA PREPARAR O DEBATE:

- **Wikipedia:** [Dificultade de aplicación na UE](#)
 - **Sermos Galiza:** [Europa crítica a política lingüística do goberno de Galicia](#)
 - **El País:** [O Consello de Europa insta a devolverlle ao galego a prioridade nas aulas.](#)
-

AVALIACIÓN

1. Avaliación das Tarefas

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	ÍNDICES DE LOGRO	
	<ul style="list-style-type: none"> ○ Moi baixo (1) ○ Baixo (2) ○ Medio (3) ○ Elevado (4) ○ Moi elevado (5) 	
TAREFAS	AUTOAVALIACIÓN	AVALIACIÓN
Traslada a información relevante ou a idea xeral de textos sinxelos a resumos.		
Consulta os medios de información dixitais para seleccionar contidos relevantes e incorporalos ás súas producións.		
Utiliza técnicas de análise e síntese do contido: subliñados, esquemas e resumos.		
Procura o léxico descoñecido en dicionarios, analiza a forma da palabra ou deduce o significado polo contexto.		
Interpreta o significado de elementos non lingüísticos (símbolos, iconas, mapas, etc.).		
Busca información para ampliar e completar o contido das mensaxes a través de distintos recursos.		
Segue instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe guiadas, con progresiva autonomía.		
Produce textos de distintos xéneros: descrições, narracións de feitos e/ou exposicións de ideas e conceptos.		
Acepta o erro como parte do proceso de aprendizaxe e mostra unha actitude positiva de superación.		
Recoñece os erros nas producións orais e escritas propias e alleas a partir da avaliación e da autoavaliación.		
MEDIA		

2. Avaliación do Coloquio

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	ÍNDICES DE LOGRO			
	AUTO-AVALIACIÓN		AVALIACIÓN	
	COLO-QUIO	DEBATE	COLO-QUIO	DEBATE
Segue instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía.				
Comprende e interpreta a intención comunicativa de textos orais sinxelos .				
Coñece e aprecia as normas que rexen a cortesía na comunicación oral .				
Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume).				
Aprecia a emisión dunha pronuncia correcta, recoñece os erros de produción oral propia e allea.				
Comprende e rexeita os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia da lingua galega.				
Usa, se a posúe, a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto.				
Recoñece e avalía erros (pobreza léxica e castelanismos) nos discursos orais propios e alleos e trata de evitalos.				
Intervén en debates e coloquios do ámbito educativo, respectando as regras de interacción.				
Analiza similitudes e diferenzas entre discursos formais e espontáneos.				
Elabora guións para organizar os contidos de exposicións formais ou informais breves.				
Manifesta autocontrol das emocións ao falar en público e diríxese ao auditorio con autoconfianza e seguridade.				
Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada.				
Participa en conversas informais nos que intercambia información e expresa a súa opinión.				
Cínguese ao tema, non divaga e atende ás instrucións da persoa moderadora nos debates e coloquios.				
Utiliza argumentos propios e refuta adecuadamente os argumentos contrarios.				
Valora a lingua como instrumento co cal se constrúen os saberes, como medio de relación interpersonal e sinal de identidade dun pobo.				
MEDIA				